



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de outubro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilaríño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e oito de outubro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Reboiro, que dá fe do Acto.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día vinte e cinco de outubro de dous mil once.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de execución da obra que se cita, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar a certificación de obra nº. 4 e última da obra 55/10 do P.P.O.S. "instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón" por un importe total de tres mil seiscentos vinte e catro euros con trece céntimos (3.624,13€) coa seguinte desagregación:*

<i>Achega</i>	<i>Fondos propios</i>	<i>M.A.P.</i>	<i>Total</i>
<i>Concello</i>	<i>906,03€</i>		<i>906,03€</i>
<i>Deputación</i>	<i>906,03€</i>		<i>906,03€</i>
<i>M.A.P.</i>		<i>1.812,07€</i>	<i>1.812,07€</i>
<i>Total</i>	<i>1.812,06€</i>	<i>1.812,07€</i>	<i>3.624,13€</i>

2.- *Aprobar a correspondente factura número 23/2011 de Obraser Quiroga S.L. N.I.F.: B-27.349.802 polo mesmo importe.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Mario Peralta Casas con D.N.I. número 34.265.358-G para a canalización soterrada dunha condución eléctrica ao longo dun camiño no lugar de Covadelas, parroquia de Saa nun longo de 123 metros ata a vivenda número 8 do citado lugar.

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento corenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (147,52€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Antonio Enríquez Carballo con D.N.I. número 34.215.452-P para a rehabilitación de cuberta dun edificio situado no lugar de Campo número 4, parroquia de Fornelas (referencia catastral, 001303300PH21D0001FU).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cincocentos trinta euros con cincuenta e catro céntimos (530,54€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. David Pérez Carballeda con D.N.I. número 09.916.963-F para o peche nun longo de 32 metros dunha finca en Santalla de Rei (referencia catastral, 001003500PH21F0001JW).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Non autorizar a construción do alpendre solicitado para a mesma finca polas razóns que se indican no informe do técnico do concello.

4.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento cinco euros con corenta e dous céntimos (105,42€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Manuel Vega Fernández con D.N.I. número 34.257.462-C para a renovación de portalón de acceso á casa situada no lugar de A Ponte, 13 na parroquia de Cereixa (referencia catastral, 002502300PH21D0001LU).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento vinte e seis euros con oitenta e oito céntimos (126,88€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Titular	D.N.I.	Matrícula	Efectos
Ramón Macía Castro	34.237.140-F	OU-9359-K	2012

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a catro de novembro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,



